

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 16.10.2020 Hora: 10:30



A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de outubro de 2020, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 775 (11/POC-000068)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre o número de asistencias a emerxencias que efectuou Gardacostas de Galicia por demanda de Salvamento Marítimo no último ano
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 3.1 800 (11/PNC-000049)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 13 máis
Sobre a petición da Xunta de Galicia ao Goberno central para que propoña en Bruxelas un plan de recuperación da cigala para o golfo de Biscaia e augas ibéricas
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 3.2 1363 (11/PNC-000125)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións precisas para solucionar a problemática que está a xerar a diminución dos recursos pesqueiros na Pobra do Caramiñal, a consecuencia da modificación da dinámica das correntes mariñas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020
- 3.3 2298 (11/PNC-000228)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Fernández Alfonso, Ramón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol, así como a



protección social e económica das persoas mariscadoras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

- 3.4 2464 (11/PNC-000257)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente e posible peche da conserveira Thenaisie Provoté, asentada no Grove e coñecida como a fábrica de Rons, así como do seu centro de Mos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020
- 3.5 2730 (11/PNC-000296)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa liquidación das taxas portuarias autonómicas aprazadas pola declaración do estado de alarma, así como coas correspondentes ao período que vai desde o seu remate ata o final do ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

José Manuel Balseiro Orol
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 08/10/2020 12:45:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2020 12:57:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 08/10/2020 12:57:24
Nº Rexistro: 654
Data envío: 08/10/2020 12:57:24.051

CSV: REXISTROYPYvqCYL79
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

José Manuel Balseiro Orol

P

Secretario

Julio Torrado Quintela

S

Vogais

Daniel Castro García

BNG

José Manuel Cores Tourís

P

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María do Carme González Iglesias

BNG

Patricia Otero Rodríguez

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Rosana Pérez Fernández

BNG

María Elena Suárez Sarmiento

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 775(11/POC-000068)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o número de asistencia a emerxencias que efectuou
Gardacostas de Galicia por demanda de Salvamento Marítimo no
último ano

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Galicia, entre os seus medios propios de rescate, posúe dúas embarcacións polivalentes de mediano porte, que son a “Irmáns García Nodal” e “Sebastián de Ocampo”, con base itinerante, empregadas tanto para a loita contra a contaminación así como no salvamento no mar, que se suman aos dous helicópteros, os coñecidos coma o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro-Viveiro, con plena operatividade no rescate marítimo as 24h dos 365 días do ano.

Por todos é coñecido que o seu mantemento e disposición é sufragado integramente pola comunidade autónoma, estando ao servizo e atendendo as demandas de apoio e atención de SASEMAR, dando cumprimento así ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia que, no seu artigo 29 recolle que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en, entre outras materias, salvamento marítimo.

Neste senso, cabe lembrar que este custe ronda os 14 M€ anuais, procedentes na súa totalidade de fondos propios, o que reduce considerablemente a capacidade de cofinanciar outras accións susceptibles de ser abordadas con fondos europeos, ou ben a posibilidade



de poder desenvolver de forma directa outras actividades plenamente integradas no marco competencial marítimo-pesqueiro.

Por todo isto, e tendo en conta que Galicia conta cun servizo de rescate único en España, que nos máis de 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cantas asistencia a emerxencias ten efectuado Gardacostas de Galicia a demanda de Salvamento Marítimo no último ano?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:00:37

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:01:19

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:01:33

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:01:44

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:02:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:03:01

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:03:17



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 800(11/PNC-000049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 13 máis

Sobre a petición da Xunta de Galicia ao Goberno central para que propoña en Bruxelas un plan de recuperación da cigala para o golfo de Biscaia e augas ibéricas

Publicación iniciativa carácter urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, Elena Cándia López, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Álvaro Pérez López, José Manuel Rey Varela, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

Exposición de motivos:

En 2019 facíase público no Consello Galego de Pesca un informe elaborado polo sector, coa axuda da Consellería do Mar, que analizaba os datos de descargas e esforzo pesqueiro da cigala na zona CIEM VIIIc e a posible incidencia da ordenación e xestión pesqueira sobre a pesquería en Galicia.

Primeiramente, temos que resaltar a importancia que a cigala mantivo na pesquería de arrastre de litoral como captura secundaria, pero que conta cun importante valor económico de máis de 1 millón de euros anuais, relevante polo seu alto valor en primeira venda, que chega a ser de 30 euros por quilogramo, e o seu carácter de produto de grande demanda na hostalería.



Sen embargo, na evolución da pesca da cigala na zona VIIIc, especialmente na posterior a 2011, non se tiveron en conta tres circunstancias determinantes da situación e avaliación da pesquería:
o Entrada en vigor do Regulamento (CE) 2166/2005 do Consello de 20 de decembro de 2005 polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación sur de pescada europea e de cigalas.

o Entrada en vigor da Orde ARM/3156/2011, de 10 de novembro, pola que se establece o reparto porcentual de posibilidades de pesca do lirio, o gallo e a cigala entre as diferentes modalidades de pesca.

o Entrada en vigor do Regulamento Delegado (UE) 2015/2439 da Comisión, de 12 de outubro de 2015, polo que se establece un plan de descartes para determinadas pesquerías demersais nas augas suroccidentais.

Neste punto temos que salientar a ordenación e xestión desta frota e a súa adaptación ao estado dos recursos trouxo consigo un descenso paulatino e sostido das unidades de pesca de arrastre litoral con porto base en Galicia, o que xera un descenso significado do esforzo pesqueiro realizado por esta frota, que podería roldar un 40% e, consecuentemente, ten un impacto importante nas descargas.

En definitiva, a combinación de normas aplicadas sobre esta frota podería ser un dos factores dese maior axuste, xunto co prezo do carburante e a súa alta dependencia dese factor do custe de explotación, especialmente entre 2007 e 2010.

Por todo elo, e tendo en conta o propio recoñecemento do ICES do seu descoñecemento dos efectos do Plan de Recuperación da pescada sur e a cigala e dos evidentes erros na contabilización de datos, enténdese que debe reconsiderarse a medida de peche da pesquería de cigala no área VIIIc (NEP/08C.) e axustar a determinación de seu TAC a unha máis certa e rigorosa avaliación.







PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 11:43:07
Nº Rexistro: 800
Data envío: 26/08/2020 11:43:07.321

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 11:32:53

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 11:33:19

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 11:33:27

María Elena Candia López na data 26/08/2020 11:33:37

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 11:33:51

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 11:33:58

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 11:34:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 11:34:42

Diego Calvo Pouso na data 26/08/2020 11:34:54

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 11:35:11

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 11:35:29

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 11:35:40

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 11:35:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 11:36:06

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 11:36:26



CSV REXISTRO: KOLUJAC9

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 1363(11/PNC-000125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións precisas para solucionar a problemática que está a xerar a diminución dos recursos pesqueiros na Pobra do Caramiñal, a consecuencia da modificación da dinámica das correntes mariñas

Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 11:15:34
Nº Rexistro: 1363
Data envío: 07/09/2020 11:15:34.215

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias**, e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector pesqueiro en xeral, e o marisqueiro en particular, é un dos motores da economía do concello da Pobra do Caramiñal, malia as dificultades que leva xa moito tempo atravesando.

A Confraría da Pobra veu reducido o seu número de profesionais á metade nos últimos anos por distintas razóns (escaseza de marisco, verquidos á ría de todo tipo, aumento do furtivismo, redución paulatina de áreas produtivas, etc.), sen que as distintas administracións escoiten e atendan as súas demandas.

A construción do peirao comercial e a súa posterior ampliación, e o recheo que hoxe serve basicamente de aparcamento supuxeron dende o primeiro momento a perda definitiva dunha área produtiva de mariscos nas concesións da Confraría da Pobra que trouxo unha diminución dos recursos do seu sector marisqueiro.

CS14-REXISTROsd23mlM58
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 11:15:34
Nº Rexistro: 1363
Data envío: 07/09/2020 11:15:34.215

Foron actuacións que fixeron perder arredor de 400.000 metros cadrados de zonas produtivas, que afectaron á dinámica das correntes e á redistribución dos sedimentos que existía nesa área, provocando un estancamento da auga e unha acumulación significativa dos lodos que non favorece o desenvolvemento do marisco nas concesións máis pretas ao peirao: O Areal e Os Raposiños, dúas das máis importantes que ten o sector na Pobra.

As queixas e reclamación dos distintos patróns maiores da Confraría sucedéronse dende entón, facendo sempre a mesma proposta á administración autonómica: A apertura de varias canles de corrente no vial que da acceso ao peirao comercial.

E así foi como no ano 2011, o presidente de Portos de Galicia naquel momento, nunha visita á Pobra, asegurou publicamente que no seu día xa se tiña levado a cabo un estudo técnico e anunciou a realización dun novo estudo, neste caso biolóxico e ambiental, para coñecer os posíbeis beneficios que podería reportar para os bancos marisqueiros a solución proposta pola Confraría e a que, aínda a día de hoxe, constitúe a súa principal demanda en canto a infraestruturas.

Despois de 9 anos de anuncios, na actualidade o problema segue sen resolverse e, o que é peor, na actualidade ninguén asegura que existan sequera os estudos que hai anos se publicitaran.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 11:15:34
Nº Rexistro: 1363
Data envío: 07/09/2020 11:15:34.215

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a poñer en marcha de inmediato todas as actuacións que sexan precisas para dar solución á problemática que está a provocar a redución dos recursos marisqueiros da Pobra do Caramiñal pola modificación da dinámica das correntes mariñas, entre elas a apertura definitiva de varias canles de corrente no peirao comercial que favorezan o desenvolvemento do marisco nas concesión de O Areal e Os Raposiños”.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/09/2020 11:07:26

CSV REXISTROZSD023m168
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 11:15:34
Nº Rexistro: 1363
Data envío: 07/09/2020 11:15:34.215

María do Carme González Iglesias na data 07/09/2020 11:07:40

Daniel Castro García na data 07/09/2020 11:07:47

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2020 11:07:55

CSV REXISTROZSD023mM68
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 2298(11/PNC-000228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol, así como a protección social e económica das persoas mariscadoras

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2020 10:56:43
Nº Rexistro: 2298
Data envío: 22/09/2020 10:56:43.466

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol e protección social e económica ás mariscadoras e mariscadores da ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual que están a padecer as traballadoras e traballadores do mar na ría de Ferrol é extremadamente crítica. Mais as súas circunstancias non son novas e non son, senón, máis que a consecuencia, entre outras, da desidia e do abandona das distintas administracións que están deixando agonizar un sector, o marisqueiro, que ten hoxe unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos.

Das máis de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai no banco marisqueiro das Pías nin unha ducia cada día. A que aínda é a zona de maior produción de ameixa babosa e fornece de cría ao resto da ría, está en mínimos históricos e a toma de decisións inmediatas sobre o seu futuro faise máis urxente ca nunca.

A viabilidade das tres confrarías da ría está seriamente en risco, o que levou aos seus integrantes a manifestarse recentemente, tanto en Ferrol como na Coruña. Gran parte das mariscadoras e mariscadores atópanse en situación de baixa prolongada e practicamente a totalidade cunha obtención de ingresos que case non lle permite sobrevivir e apenas son capaces de pagar a súa cotización á seguridade social.





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2020 10:56:43
Nº Rexistro: 2298
Data envío: 22/09/2020 10:56:43.466

O sumatorio de todos eses casos individuais levan, ademais, aparelado o estado cuase de creba das propias confrarías que ven como día a día merman os seus ingresos e non albiscan saída aos seus problemas.

As causas da actual situación son múltiples. A maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por mor de verteduras sen control durante anos, a depuración das augas residuais, aínda mellorando a calidade das augas, non recupera os bancos, soterrados polos lodos das verteduras, a pouca circulación da auga entre os diques da ponte das Pías que provoca tamén a acumulación de lodos. E, a maiores, agora hai que sumar a proliferación dun parásito que afecta á produción da ameixa.

Mais todos e cada un destes factores son sobradamente coñecidos pola Consellaría do Mar e as afectadas e afectados hai demasiado tempo que non perciben que se poñan en marcha actuacións para melloralos.

A situación é tan grave que a día de hoxe xa non se pode remediar con parches ou solucións temporais. Agora necesítase axilidade na posta en marcha de medidas estritas e constantes na súa aplicación que, en colaboración coas confrarías, cos técnicos e biólogos da Consellaría do Mar e tamén coa estación de bioloxía mariña da Graña, permitan a medio prazo obter o maior rendemento posíbel.

De querer iniciar un verdadeiro proceso de recuperación, ese tipo de medidas terían que ir necesariamente acompañadas por outras, como o paro biolóxico, que ampren económica e socialmente ás mariscadoras e mariscadores, xa que o contrario levaría ao abandono definitivo da actividade por grande parte do sector, ao peche de entidades e á práctica desaparición do marisqueo na ría.



CSV REXISTRO6TwEIsTS39

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2020 10:56:43
Nº Rexistro: 2298
Data envío: 22/09/2020 10:56:43.466

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a estación de bioloxía mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas como o para biolóxico, de protección económica e social das mariscadoras e mariscadores.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2020 10:54:35

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2020 10:54:39

CSV REXISTRO6TwEIsTS39
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/09/2020 10:56:43

Nº Rexistro: 2298

Data envío: 22/09/2020 10:56:43.466



Ramón Fernández Alfonzo na data 22/09/2020 10:54:52

CSV REXISTRO6TweIsTS9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.4 2464(11/PNC-000257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente e posible peche da conserveira Thenaisie Provoté, asentada no Grove e coñecida como a fábrica de Rons, así como do seu centro de Mos

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2464
Data envío: 24/09/2020 14:28:35.123

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A empresa conserveira Thenaisie Provoté, coñecida como “a fábrica de Rons”, situada en O Grove e con local tamén en Mos onde se realizan algúns labores complementarias para o traballo global, estase a ver nunha situación incerta que afecta, fundamentalmente, ás súas traballadoras que suman un número estable en torno a 125 pero que, de maneira habitual, increméntase con traballadores temporais debido ás cargas de traballo.

A fábrica atópase nun proceso de concurso de acredores, que ameaza con deixar na rúa ás traballadoras dunha empresa que resulta fundamental para a poboación de O Grove pola súa vinculación co territorio e o volume de traballadores/as directos e indirectos afectados/as.

A situación ten posibles saídas, pois foron coñecidas propostas de compra da empresa que poderían resolver a situación e afrontar con nova forza un proxecto empresarial. Nesta solución existiron moitos axentes que contribuíron, como os representantes dos traballadores a través das organizacións sindicais ou o Concello de O Grove a través do seu alcalde. Non en tanto a Xunta de Galicia estase convertendo nun obstáculo para a solución, pois a intervención do Igape está enlentecendo a situación e dificultando unha solución. Polo contrario, tampouco ofrece a Xunta de Galicia outra vía para resolver o conflito, polo que nin fai nin deixa facer.

A importancia absoluta na vila e na comarca do mantemento da actividade e o emprego nesta fábrica é determinante para que todas as administracións poñan todo o seu esforzo para resolver a cuestión.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2464
Data envío: 24/09/2020 14:28:35.123

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facilitar a resolución do conflito que ameaza co peche á fábrica de Rons, Thenaisie Provoté, e o centro adxunto en Mos, traballando en colaboración coas traballadoras e os posibles compradores que xa manifestaron a súa intención e apoiar, mediante o Igape e os mecanismos necesarios da Administración, o mantemento da actividade e o emprego.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Martín Seco García
Patricia Otero Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 14:25:21

Martín Seco García na data 24/09/2020 14:25:29

Patricia Otero Rodríguez na data 24/09/2020 14:25:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/09/2020 14:25:50



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2464
Data envío: 24/09/2020 14:28:35.123

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 14:26:00



CSV REXISTRO4N7400d49

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.5 2730(11/PNC-000296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa liquidación das taxas portuarias autonómicas aprazadas pola declaración do estado de alarma, así como coas correspondentes ao período que vai desde o seu remate ata o final do ano

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2020 13:40:41
Nº Rexistro: 2730
Data envío: 30/09/2020 13:40:41.615

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Nos portos de competencia autonómica galega existe un importante tecido industrial e comercial que viu paralizada totalmente a súa actividade como consecuencia da declaración do estado de alarma pola crise sanitaria da Covid-19.

Así mesmo o sector pesqueiro, que opera nestes portos, tamén viu minguada a súa actividade nestas circunstancias, rexistrando fortes caídas na súa facturación debido á baixada da demanda relacionada coa suspensión e posterior limitación da actividade hostaleira.

Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, publicou durante o estado de alarma un paquete de medidas de “flexibilización do pago das taxas portuarias”, consistente en retrasar a emisión das novas taxas portuarias ata dous meses despois da finalización do estado de alarma. Pero vemos que esta medida “é pan para hoxe e fame para mañá”, xa que se ben non se liquidaron as taxas portuarias autonómicas durante o estado de alarma, isto non permite conseguir liquidez ao sector, xa que agora se están a enviar estas liquidacións ás entidades e empresas usuarias dos portos autonómicos, taxas pertencentes a períodos de tempo nos que os operadores portuarios, ou ben non estiveron a facturar, ou ben sufriron fortes caídas na súa facturación.

Se se quere apoiar desde a Consellería do Mar ás empresas e entidades usuarias dos portos de competencia autonómica é momento de exencións e bonificacións nas súas taxas, e non de simples aprazamentos, de trasladar o problema a un momento posterior.

Portos de Galicia esgrime que a día de hoxe non se pode facer ningunha modificación na obriga de liquidación destas taxas autonómicas, pero estamos a ver como outras comunidades autónomas si o fan.

É imprescindible adoptar medidas que lle permitan aos axentes que operan no sector portuario autonómico paliar o inevitable dano causado e facilitar a recuperación das súas actividades económicas, industriais, loxísticas, deportivas, pesqueiras, turísticas, científicas, culturais, sociais....

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2020 13:40:41
Nº Rexistro: 2730
Data envío: 30/09/2020 13:40:41.616

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º. Portos de Galicia paralice a liquidación das taxas que foron aprazadas pola declaración do estado de alarma.

2º. Realice os trámites precisos que permitan unha exención das taxas portuarias autonómicas para as entidades e empresas usuarias dos portos de titularidade autonómica galega, polo tempo que durou o estado de alarma; así como unha bonificación delas durante o período que vai desde a finalización do estado de alarma ata final de ano.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2020 13:36:20

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2020 13:36:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/09/2020 13:36:46

